CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A REAL ACADEMIA DE FARMACIA DE GALICIA POLO QUE SE INSTRUMENTA A SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DO ESTUDO E DA INVESTIGACIÓN DAS CIENCIAS FARMACÉUTICAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

- Que o Conselleiro de Sanidade, formalizou o día 23.09.2026 coa Real Academia de Farmacia de Galicia, o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia a contar dende o día seguinte ao da data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo, *"instrumentar a subvención prevista con carácter nominativo na Lei 4/2025, de 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2026, a favor da RAFG, co fin de financiar as actuacións que esta realice para contribuír ao estudo e á investigación das ciencias farmacéuticas, a través de accións e actividades científicas que ten recoñecidas nos seus estatutos e que leva a cabo en beneficio do interese xeral. "*

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

"II. Que no capítulo IV do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade autónoma para o ano 2026 figura recollida unha subvención nominativa a favor da RAFG por un importe trinta mil euros (30.000 €) con cargo á partida orzamentaria 1201.411A.481.2 (proxecto 202400066).

III.- Que a Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que, en materia de sanidade, lle corresponden á Xunta de Galicia de acordo co establecido nos artigos 27.23, 28.8 e 33 do Estatuto de Autonomía para Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril.

Documento asinado dixitalmente por:
Natalia Lobato Mosquera (26/10/2026 17:47 CET)
https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-f343250f-da6f-4f81-b06d-ce115e673371

CONSELLERÍA DE SANIDADE
Complexo Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 542 712
gabinete.sanidade@sergas.gal
www.sergas.gal

IV.- Que consonte aos seus estatutos, aprobados mediante o Decreto 156/2004, do 1 de xullo e modificados en virtude do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 07.11.2019 (DOG nº 224, do 25.11.19), a RAFG é unha corporación de dereito público que ten entre as súas finalidades o fomento da investigación e o estudo das ciencias farmacéuticas e das relacionadas coa farmacia e, nomeadamente, daqueles aspectos que teñan especial interese para Galicia; o asesoramento aos organismos e entidades públicas naqueles campos que lle son propios; a divulgación científica e a formación permanente dos profesionais da farmacia; a difusión social das ciencias farmacéuticas; así como a realización doutras actividades que lle sexan encomendadas ou delegadas, directamente relacionadas cos fins da Real academia.

A RAFG atópase inscrita co número 2004/6 no Rexistro Xeral de Academias de Galicia, tal como se exixe no Decreto 392/2003, de 23 de outubro que regula o exercicio pola Comunidade autónoma de Galicia das competencias en materia de Academias de Galicia.

V.- Que, consonte o previsto no artigo 2 do Decreto 156/2004, de 1 de xullo, polo que se acorda a creación da Academia de Farmacia de Galicia (hoxe Real Academia de Farmacia de Galicia), a institución quedou adscrita á Consellería de Sanidade, correspondéndolle a esta o exercicio das funcións determinadas no Decreto 392/2003, do 23 de outubro, que no seu artigo 7 establece que as Academias de Galicia, ademais das funcións previstas nos seus estatutos, terán a consideración de órganos asesores da Xunta de Galicia, nos termos previstos nos seus estatutos e na normativa vixente en cada materia."

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

Documento asinado dixitalmente por:
Natalia Lobato Mosquera (26/10/2026 17:47 CET)
https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-f343250f-da6f-4f81-b06d-ce115e673371